

# Unidade 8 - Proba

Cualificación

Nome e apelidos

Data

## 1. Completa os ocos coas palabras que faltan. (1 punto)

punto de vista   perspectiva   fundamental

Cando expresamos unha opinión, todos temos dereito a dar o noso \_\_\_\_\_. Iso si, cómpre \_\_\_\_\_ os nosos argumentos, pois moitas veces a \_\_\_\_\_ entre as persoas non é a mesma.

## 2. Marca cun X o sentido figurado da parte destacada da oración. (1 punto)

Se queremos ir de viaxe, temos que **apertar o cinto**.

Adelgazar un chisco.

Comprar roupa e complementos.

Procurar aforrar.



## 3. Copia as palabras onde corresponda, segundo poidan presentar seseo ou gheada. (2 puntos)

canción

englobar

internacional

aguacate

cobiza

grito

agosto

acondicionado

Seseo

Gheada



# Unidade 8 - Proba

Nome e apelidos

Data

4. Escribe **V** se o predicado da oración é **verbal**, e **N** se é **nominal**. (2 puntos)

Alexandre e eu somos bos amigos.

Como se chama a túa cadelinha?

Onte chegaron todos xuntos.


Hoxe a avoa parece cansada.

O tío André está moi feliz.

Non sabemos toda a verdade.

5. Le a seguinte estrofa dun poema e responde as preguntas. (2 puntos)

No xardín do meu amor,  
no xardín da miña dor,  
as rosas florecen de cor  
nunha gama bicolor .



a. Cales son as palabras que se repiten na estrofa? \_\_\_\_\_.

b. Rodea. Onde se dá o recurso literario da repetición?

Ao final dos versos.

No inicio de dous versos.

En toda a estrofa.

6. Elabora un esquema sobre as estacións do ano engadindo algunha característica propia de cada unha. (2 puntos)

